

MEMORIA XUSTIFICATIVA

ADDENDA NÚM. 1 E PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE MONTERREI PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

1.- Competencia

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ao abeiro do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73 do 14 de abril) e en virtude do artigo 13.1 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería (DOG núm. 101 do 27 de maio), ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo que exerce a Dirección Xeral de Urbanismo, entre as que se atopan, a tramitación administrativa dos instrumentos de planeamento urbanístico e o apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico e a súa xestión e execución. Así mesmo, correspóndelle a asistencia e coordinación aos concellos en relación cos expedientes das subvencións que, en materia de planeamento, se tramiten na consellería.

2.- Antecedentes

O antecedente da addenda núm. 1 á que se refire a presente memoria e o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o concello de Monterrei, asinado o 25.05.2022, cuxo obxecto é o de acometer a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

3.- Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Monterrei o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 24 de maio de 2026, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unánimemente a súa prórroga mediante addenda por un período máximo de 4 anos adicionais en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.



4.- Obxecto

O obxecto da addenda é establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o concello de Monterrei, para a redacción do documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Monterrei, segundo o escrito presentado o 22/11/2024, solicita unha reunión da Comisión de seguimento do convenio para adaptar os compromisos adquiridos á realidade da programación de execución dos traballos de redacción.

A comisión de seguimento, segundo consta na acta da súa reunión do 11 de decembro de 2024, formula unha proposta de reaxuste de anualidades.

Así mesmo, conforme ao establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, considerando a complexidade da elaboración e tramitación do instrumento de planeamento obxecto do convenio de colaboración e, tendo en conta a data de sinatura do mesmo, procede determinar o réxime de prórrogas aplicables ao acordo.

Para a tramitación desta addenda ao convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura, María Encarnación Rivas Díaz, Directora xeral de Urbanismo

